PAIXÓN FERROL

NÚMERO 12 - DECEMBRO 2024

A Luz de Belén alumea un ano máis o Nadal confrade

Por terceiro ano consecutivo, a Delegación Episcopal de Confrarías organizou a cerimonia da Luz da Paz de Belén, un acto cheo de ledicia no que se comparte a chama prendida polos Scouts no lugar no que naceu Xesús. As cinco irmandades ferrolás participaron no acto, que desta volta se desenvolveu na igrexa do Socorro na tarde do 20 de decembro e que contou tamén coa presenza de moitos confrades e fieis que acudiron coas súas candeas. O coro infantil Mosaico amenizou este encontro. • Pax. 5

Daniel Cuesta insta a entender tamén a Deus a través da piedade popular

O xesuita e sacerdote Daniel Cuesta, que exercerá de pregoeiro da Semana Santa de Ferrol 2025, é un estudoso da piedade popular, un "lugar teolóxico" ao que hai que prestar atención segundo subliñou o Papa Francisco. E insta a entender o que Deus nos quere dicir a través dela. • Pax. 7

As irmandades abriron os seus Beléns ao público

As irmandades da Mercé, Angustias, Soidade e Dolores abriron un Nadal máis entre finais de novembro e primeiros de decembro os seus Beléns ao público, cada un coas súas singularidades, en locais do barrio da Magdalena. As montaxes contribúen a animar estas festas e comparten o seu cariz solidario. • Pax. 2 e 3

O Santo Enterro reuniu máis de 3.000€ no seu Café Solidario Pax. 4

A Escolanía da Catedral de Santiago cantará no pregón Pax. 5

A Diócese celebrará o día 29 a apertura do Ano Xubilar de Roma Pax. 6

Dolores amosa o rostro da imaxe de Caifás que talla Murciano Pax. 6

Impulsando o belenismo en Ferrol

As confrarías penitenciais están no cerne do actual apoxeo do belenismo en Ferrol, unha tradición que na cidade ten o seu puntal no lembrado Alfredo Martín e na Orde Terceira, cuxo Nacemento afortunadamente segue renovándose e abrindo as súas portas ano tras ano.

O máis madrugador dos beléns das confrarías foi o da Mercé. O 29 de novembro inaugurouse no número 42 da rúa Dolores, nun acto concorrido no que cantou o coro infantil Mosaico e no que se serviu un chocolate solidario. O mercedario é un Belén cheo de detalles e chiscadelas á cidade, como un "Ferrol Mola", personaxes como "Pacharita" ou o coro Toxos e Froles.

O 5 de decembro abriron outros dous, o das Angustias e o da Soidade. O primeiro está na esquina das rúas Lugo e Galiano, un ano máis cun sistema de luces que o visitante pode activar para ir iluminando diferentes partes da montaxe e tamén con botóns para escoitar o son dos animais: a vaca, a ovella... Tamén incorporou pictogramas para facilitar a comprensión aos nenos con autismo. O da Soidade abriu o Belén que ten máis figuras en movemento. A irmandade coidou especialmente tamén a decoración do local, o baixo do 49 da rúa Dolores.

A confraría de Dolores inaugurou o seu na rúa Real 116 ao día seguinte, o 6 de decembro. Na montaxe, que ten profusión de figuriñas e moitos detalles, destacan as escenas que recrean a presencia romana en Belén nos tempos do nacemento de Xesús, como o rexistro do censo.

A Xunta de Confrarías editou un ano máis un folleto co horario destes catro Beléns e o da Orde Terceira, que distribuíu por hoteis, oficinas de turismo, etc.

O bispo diocesano visitou todos os Beléns das confrarías e tamén o da Orde Terceira, no que está na imaxe.

A rondalla Añoranzas cantou panxoliñas ás portas do local das Angustias

O "Ferrol Mola" tamén está nos muros do pobo de Belén creado pola Mercé

No Nacemento das Angustias colocaron pictogramas cos que mellora a comunicación cos nenos autistas

O detalle dunha cuadriga nun circo romano, na montaxe da Confraría de Dolores

A cativada resposta ao xogo de descubrir figuras e a outras propostas

O Belén da Mercé comezou e o das Angustias sumouse á idea. Os nenos reciben un papel coa imaxe de varias figuriñas que deben buscar no nacemento, co que fican ben concentrados durante un rato para atopar todas as pezas e recibir o seu premio a cambio.

A este xogo súmanse outras iniciativas polas que os Beléns das confrarías se converten en espazos de ocio para a cativada. A Confraría de Dolores organizou un concurso de postais de nadal, por exemplo, e case todas incorporaron ás súas montaxes modelos de cartas para os Reis Magos, caixas de correos

para botar as misivas e mesmo un tren eléctrico, por exemplo, no da Soidade.

E cos Beléns chegaron as panxoliñas. A rondalla Añoranzas cantounos á porta do das Angustias e o grupo de militares andaluces que xa ofrecera un animado concerto o pasado ano repetiu, con idéntico éxito. •

A solidariedade, elemento en común en todas as montaxes

As catro confrarías que abriron os seus Beléns ao público este Nadal puxeron tamén o acento na solidariedade. O da Merced reúne alimentos non perecedoiros, prolongando no local da rúa Dolores o "escaparate solidario" que abriu xa en novembro no establecemento La Casa del Fumador.

O Belén das Angustias tamén tivo o seu "escaparate solidario", no que están a reunir alimentos non perecedoiros para a Cociña Económica, a mesma entidade para a que tamén recolle doazóns o da Soidade.

No Belén da Confraría de Dolores reúnen tanto alimentos para Balrial como xoguetes para a Operación Xoguete que desenvolve cada ano a OJE.

O café que nunca falla polo Nadal

O Café Solidario da Irmandade do Santo Enterro volveu puntual polo Nadal. O salón do Casino Ferrolán encheuse de xente na tarde do 18 de decembro para participar no sorteo dos moitísimos agasallos que un ano máis doaron comercios e empresas da zona, e tamén confrades e colaboradoras anónimas. As persoas asistentes mercaron as súas rifas e tamén houbo "fila cero". A recadación foi de máis de 3.000€ e a irmandade expresou o seu agradecemento máis efusivo.

O Café Solidario do Santo Enterro é unhas das actividades benéficas máis tradicionais de Ferrol. As Damas Protectoras da entidade organizárono por primeira vez no ano 1988 para recadar fondos que despois a irmandade fai chegar ás persoas necesitadas, habitualmente a través da UPA Ferrol Centro ou de Cáritas Diocesana.

Neste ano 2024 celebrouse por primeira vez outro café benéfico, o que organizaron as Damas da Orde Terceira da Mercé. Foi neste caso na tarde do 30 de novembro, tamén nas instalacións do Casino Ferrolán. A iniciativa resultou todo un éxito e contou coa colaboración da presentadora ferrolá Paloma Lago e do coro infantil Mosaico. •

As confrarías volcáronse coa axuda ás vítimas da DANA

A devastación que produciu a dana do pasado 29 de outubro en Valencia espertou de inmediato a solidariedade das confrarías ferrolás. A da Soidade, a Mercé e a das Angustias iniciou recollidas de alimentos e roupa que poucos días despois foron trasladados ata aquela comunidade por un empresario da zona, mentres que a Confraría de Dolores e a propia Xunta Xeral de Confrarías chamaron a facer doazóns a través das contas bancarias habilitadas por Cáritas Diocesana. Tamén en novembro houbo outras iniciativas, como a Gran Recollida dos Bancos de Alimentos, que contou cunha activa colaboración de moitos confrades das diferentes irmandades penitenciais. A Confraría da Soidade recolleu alimentos para a Cociña Económica no seu Concerto de Santa Icía, o 24 de novembro, e todos os Beléns, sen excepción, convertéronse un ano máis en lugares nos que facer doazóns, ben sexa de alimentos ou de xoguetes. A comezos de ano, como xa é habitual, a Xunta de Confrarías fará público o balance das obras sociais das irmandades.

A Luz da Paz de Belén chegou un ano máis aos corazóns dos confrades ferroláns

A igrexa do Socorro, en Ferrol Vello, acolleu o pasado día 20 de decembro a celebración da Luz de Belén, un acto que organiza a Delegación Episcopal de Confrarías. É o terceiro ano que se celebra este acto cargado de simbolismo e de ledicia, no que se comparte con todos os confrades a chama prendida no portal no que naceu Xesús.

Cándido Otero presidiu o acto, recordando que "acollemos non só esta luz física senón tamén a quen representa". A Luz da Paz de Belén é unha iniciativa dos Scouts de Austria, que cada ano espallan a chama por países de todo o mundo, como un símbolo de amor e fraternidade e unha mensaxe de esperanza pola chegada do Salvador.

As persoas que acudiron á celebración, na súa maioría confrades, levaron as súas propias candeas para acendelas e trasladalas despois ata cada un dos seus fogares. A cerimonia contou coa actuación do coro infantil Mosaico. •

A Escolanía da Catedral de Santiago actuará no pregón

A Escolanía da Catedral de Santiago, que dirixe a ferrolá Sofía Rodríguez Fernández, actuará no pregón da Semana Santa de Ferrol 2025, un acto que terá lugar no teatro Jofre o 5 de abril, ás 19.30h.

O coro catedralicio foi refundado polo Cabildo en 2008, pero a súa historia remóntase ao século XII -cando xa hai referencias da Capela Musical que acompañaba os actos litúrxicos na Catedral-, e chega ata a década dos 70 do século XX, cando se disolveu. Actualmente está integrado por uns 40 nenos e nenas de entre 9 e 17 anos. A filosofía da Escolanía é a dun centro de canto coral e lugar de formación tanto musical como de novas voces, por iso é polo que mantén un convenio de colaboración co Conservatorio Histórico de Santiago. A ferrolá Sofía Rodríguez, que tamén dirixe a Escolanía de San Xiao, colleu a batuta da senlleira formación en xuño pasado.

Na súa etapa actual ten interpretado obras como a 3ª Sinfonía de Mahler, "On Christmas Night" de Vaughan Williams, "Stabat Mater" de Pergolesi e o "Crebanoces" de Tchaikovski, xunto a orquestras como a Real Filharmonía de Galicia. Actuou con directores como Paul Daniel e Maximino Zumalave, e con cantantes como Claudia Huckle, Mercedes Hernández, Antonio Fajardo e María Altadill, así como con grupos de renome como Resonet, en festivais como o de "Músicas Contemplativas" e o Festival Internacional "Peregrinos Musicais. •

A Diocese celebrará a apertura do Ano Xubilar de Roma o día 29

O 2025 é Ano Santo en Roma. O Papa Francisco comezou xa as celebracións deste Xubileo na noite do 24, coa apertura das portas da basílica de San Pedro na cidade do Vaticano. A chegada deste momento tan importante para os fieis será conmemorada tamén na nosa Diocese de Mondoñedo Ferrol.

O vindeiro domingo 29 abriranse solemnemente as portas da concatedral de San Xiao, participando no acto que de maneira simultánea vai ter lugar en todas as dioceses do mundo.

A cerimonia comezará ás 12.30h na igrexa do Carme, onde se elevará

unha breve oración. A continuación terá lugar unha procesión de fieis, na que se portará a Cruz, ata a concatedral de San Xiao. Alí, ás 13.00h, celebrarase unha Eucaristía, presidida por monseñor Fernando García Cadiñanos. Ao comezo lerase a bula do Ano Xubilar e faranse os ritos bautismais que introducen as grazas xubilares.

Cómpre sinalar que as eucaristías de Ferrol previstas para o mesmo horario serán suspendidas, para facilitar a asistencia á cerimonia.

A Coral Polifónica Ferrolá A Magdalena acompañará o acto e estreará o Himno do Xubileu na súa versión galega. Na web da Diocese de Mondoñedo hai cumprida información sobre o Ano Santo. •

As portas de San Xiao abriranse ao tempo que o fan en todas as dioceses no mundo

A música coral cobrará protagonismo de novo na vindeira Semana Santa

O Coro Diapasón organizará de novo en 2025 o Ciclo Coral de Música Sacra, que na súa cuarta edición ofrecerá concertos os días 6, 12 e 20 de abril, na Concatedral de San Xiao. Daranse a coñecer máis adiante as formacións que actuarán, que de novo serán de primeira fila.

Tamén a Coral Polifónica A Magdalena, herdeira do antigo Coro Padre Fanego, ofrecerá o seu Concerto Sacro, na tarde do Martes Santo. 15 de abril. Será ás 19.00 horas na Concatedral de San Xiao.

IMAXES PARA A HISTORIA

Foto orixinal do arquivo de Antonio Sixto García, restaurada e coloreada por Francisco de la Iglesia

O primeiros oito "capuchóns" ferroláns. Estamos no Xoves Santo de 1939 e segundo conta Demetrio Casares no seu caderno diario, levaban capirote, túnica negra e capa morada. Existe a crenza popular de que levaban capa vermella pero o caderno é claro nisto.

Posan diante da súa imaxe titular, a Virxe de Dolores, na capela do mesmo nome. Apréciase lixeiramente o antigo retablo e o palio da Virxe, perdido hai anos na memoria.

O rostro de Caifás que está a tallar Fernando Murciano

A Confraría de Dolores compartiu recentemente unha imaxe da primeira versión en barro do rostro da imaxe de Caifás, que segundo está previsto acompañará xa á Xesús Atado á Columna na vindeira Semana Santa.

A figura que representa a Caifás, un dos sacerdotes xudeus que conspirou para lograr a condena de Xesús, será una imaxe de



vestir tallada en madeira de cedro. Está previsto que en sucesivos anos se incorporen ao paso tamén un flaxelador e un romano. •

Daniel Cuesta, pregoeiro da Semana Santa de Ferrol 2025

"Non se pode separar a fe da cultura buscando unha pretendida pureza"

O sacerdote e xesuíta segoviano Daniel Cuesta Gómez leva xa tres anos vivindo en Galicia, a cabalo entre Santiago e Vigo e traballando fundamentalmente na pastoral xuvenil e universitaria. O próximo pregoeiro da Semana Santa Ferrolá é un estudoso da relixiosidade popular, un tema que une as súas grandes paixóns e a súa propia experiencia vital. Viviu como confrade desde neno a piedade popular, unha forma de espiritualidade que investigou despois desde o punto de vista dun titulado en Historia da Arte, primeiro, e en Teoloxía, despois.

► ***A piedade popular é o tema que máis ten estudado e sobre o que escribiu xa varios libros.***

► A piedade popular gustoume desde neno, é unha das vías fundamentais desde as que accedín á fe e á experiencia de Deus. Cando empecei a estudar Historia da Arte tentei achegarme ao tema desde esa carreira, sendo xa xesuíta. Despois fixen Teoloxía e, como me recomendaron, quixen abordar estes estudos desde unha xanela en concreto,

que tamén foi a relixiosidade popular. Xa para entón encargáranme un libro sobre a experiencia dun confrade, "A procesión vai por dentro". Despois, cando estiven en Roma, puiden ver que o tema esperta grande interese. Así que tentei axudar a entender esa relixiosidade popular e a vivila con profundidade cristiá.

► ***O Papa Francisco anovou o interese polas expresións de piedade popular cando dixo que son un "lugar teolóxico" ao que debemos prestar atención. Que significa isto?***

► O Papa Francisco, moi sinxelamente, di que hai que prestarlle atención á piedade popular como espazo teolóxico, como lugar de evanxelización. Porque, na liña do que di o Concilio Vaticano II, é o que sente e experimenta a xente. Hai que pensar sempre no diálogo co home de hoxe, e se o home de hoxe vai e asiste á relixiosidade popular pois quere dicir que algo se move dentro del. Así que hai que tratar de ver que é, para coñecer e entender non só o que lles pasa aos demais, tamén a nós mesmos, e entender tamén que nos quere dicir Deus a través da relixiosidade popular. Porque non hai que esquecer que a piedade popular é algo que vén de Deus e hai que tratar de entender que quere dicirnos aos cristiáns.

► ***Porén as procesións foron deostadas nalgúns momentos, tachadas de espectáculo.***

► Si, teñen moita parte de espectáculo, de experiencia cultural. Quizá un excesivo entusiasmo despois dos anos 60 e 70, unido a unha falta de presenza de xente na Igrexa fixo que se vise como algo que ten que ver con outra época, ou só co mundo da cultura. É moi perigoso separar as dúas cousas. Eu creo que a relixión ten moito que ver coa cultura porque non hai que esquecer que o Evanxeo faise cultura no lugar ao que chega.

A Semana Santa, tema de estudo

Daniel Cuesta Gómez (Segovia, 1987) é xesuíta desde 2007 e ordenouse sacerdote en 2021. É graduado en Historia da Arte pola Universidade de Salamanca (Premio Extraordinario) e graduado en Humanidades pola Pontificia de Salamanca. Realizou tamén o Bacharelato en Teoloxía na Pontificia Comillas de Madrid (con Premio Extraordinario de Baccalaureatus in Theologia) e a licenciatura en Teoloxía Fundamental na Gregoriana de Roma. Sobre a Semana Santa e a vida confrade destacan, entre outros, os seus libros "La procesión va por dentro. En busca de una espiritualidad cofrade" (Mensajero, 2019), "Luces y sombras de la religiosidad popular" (Mensajero, 2021) e "La religiosidad popular. Lugar teológico para la nova evangelización" (Mensajero, 2024).

Non se pode separar a fe da cultura buscando unha pretendida pureza. •

Ferrol, no II Congreso Internacional de Hermandades y Piedad Popular de Sevilla

A Semana Santa de Ferrol estivo presente en Sevilla durante a recente celebración do II Congreso Internacional de Hermandades y Piedad Popular. Membros da Xunta de Confrarías e tamén confrades a título particular acudiron a este encontro, que se desenvolveu do 4 ao 8 de novembro e que converteu a capital hispalense nun espazo de reflexión sobre todo a realidade actual e o futuro das procesións.

Das conclusións que presentou o arcebispo de Sevilla, monseñor José Ángel Saiz Meneses, destacamos as catro ideas de forza: encontro, reflexión, contemplación e compromiso. Subliñouse neste foro que as confrarías son espazos de fraternidade, non meras sociedades de axuda mutua, e que asumen o seu papel como instrumentos eficaces do anuncio do Evanxeo, dando testemuño dunha fe celebrada, vivida e compartida.

Dixo o arcebispo que o confrade que emerxe deste congreso defínese "como un discípulo misioneiro, de profunda espiritualidade e sólida formación". Nas conclusións destaca tamén a importancia da dimensión caritativa das irmandades, porque segundo manifestou, "han de encarnar de maneira concreta o Evanxeo, vivindo unha fe que é ao tempo veneración e compromiso coa realidade".

Na imaxe de arriba, membros da Semana Santa de Ferrol na igrexa de San Gregorio, con directivos do Santo Enterro de Sevilla e con José Anido, superior da comunidade mercedaria daquela cidade. Debaixo, máis caras coñecidas da nosa Semana Santa na Eucaristía Estacional de clausura do congreso. Abaixo, o noso delegado episcopal de Confrarías, Cándido Otero, co presidente do Consello Xeral de Irmandades e Confrarías da cidade de Sevilla, Francisco Vélez.